

## **PROPOSTA DE COMPOSTELA ABERTA PARA RELANZAR O ESPAZO POLÍTICO GALEGO DA UNIDADE POPULAR**

Compostela Aberta nace como candidatura cidadá para participar nas eleccións municipais de maio do 2015, representando en Santiago o espazo político da unidade popular e da ruptura co réxime do 78. Aínda sendo unha proposta de ámbito local Compostela Aberta nunca funcionou como unha organización localista. Mais ao contrario, Compostela Aberta tense posicionado, en varias ocasións, para sumar e conseguir construír un suxeito político galego que opere nas mesmas coordenadas políticas transformadoras.

Despois das eleccións municipais, Compostela Aberta participa na conformación de 'En Marea', constituída formalmente como coalición, para as eleccións españolas de decembro do 2015. Esa coalición entre Podemos Galicia, Anova e Esquerda Unida, foi quen usou por primeira vez a marca 'En Marea', sendo apoiada polas tres principais mareas municipais: Compostela Aberta, Marea Atlántica e Ferrol en Común, ademais de polo 'Encontro cidadá por unha marea galega'.

Durante o ano 2016, persoas inscritas en Compostela Aberta participaron tanto no proceso das 'Mareas En Común' como nas asembleas convocadas pola coalición En Marea. Ata que finalmente, en asemblea, tomouse a decisión de apoiar a constitución de En Marea como partido instrumental e, ao tempo, impulsar un Grupo de Traballo para a confluencia. Froito dos traballos dese GdT de confluencia e da decisiva iniciativa política dos tres alcaldes -de Santiago, da Coruña e de Ferrol- chegouse á convocatoria da Marea Constituínte celebrada en Vigo, con nutrida participación de persoas inscritas en Compostela Aberta. O local de Compostela Aberta, nos antigos almacéns Olmedo, pasou a ser, de feito, a sede de nacional de En Marea, e de campaña para as eleccións galegas de outono do 2016. Mesmo aprobándose posteriormente, tamén en asemblea, partillar a mudanza e os gastos para un novo local de uso común entre ambas organizacións.

O posterior desenvolvemento orgánico de En Marea, durante o 2017 e 2018, non foi acompañado por gran parte dos axentes que inicialmente a tiñan impulsado. Ademais, a baixada na participación e asistencia nos sucesivos plenarios tamén reflicte unha crecente desafección cara En Marea, inclusive dos axentes políticos que participaron na súa fundación. A combinación destes e outros factores provoca que exista un crecente cuestionamento da lexitimidade do actual Consello das Mareas como ferramenta de dirección política do espazo. Cruzando unha 'liña vermella', recentemente, cando varios dos integrantes deste Consello e da coordinadora de En Marea teñen apoiado coa súa presenza a formación dunha pretendida 'Marea de Ferrol' fronte a gobernante 'Ferrol En Común'.

Neste contexto, e preocupada pola situación política do espazo da unidade popular, a actual coordinadora de Compostela Aberta ten realizado unha rolda de contactos tanto coa dirección dos partidos políticos como coa de En Marea, na que se ten corroborado a degradación do espazo e a necesidade da súa reconstitución. Semella que o camiño para que En Marea volva a ser representativa do espazo de unidade popular pasa por resolver, inicialmente, dous puntos:

- a) constituír un espazo de traballo conxunto para as organizacións e mareas.
- b) renovar e relanzar o Consello das Mareas como órgano de dirección política.

Compostela Aberta propón dar resposta a estas dúas cuestións para asentar as bases dunha unidade popular máis forte, con renovada capacidade de aglutinar vontades, e nas que estivesen integradas tamén as partes que hoxe se senten alleas ou excluídas. Partindo da lóxica da cooperación entre as partes e desbotando as dinámicas competitivas de confrontación interna.

Coa continuidade do desenvolvemento do partido instrumental En Marea garántese a igualdade de todas as persoas participantes a través da súa adscrición individual e un espazo organizativo que constrúa o programa político e marque a estratexia do espazo de unidade popular a nivel nacional. Paralelamente, impulsar unha Mesa da Confluencia significaría a constitución dun espazo de comunicación entre as distintas organizacións políticas para resolver todas as diferencias e cuestións político-técnicas que poidan xurdir e polas que se sintan afectadas, procurando a corresponsabilidade das partes na construción do espazo político en común.

Os retos electorais do próximo 2019 esixirán un enorme esforzo, e vontade de colaboración de todos os axentes, en prol do ben común e dos obxectivos políticos de transformación social. Para poder afrontalos con garantías, e coa responsabilidade coa que nos debemos á cidadanía que ten confiado en nós, semella imprescindible o relanzamento do espazo político galego da unidade popular. Por causa disto e por todo o exposto anteriormente a coordinadora de Compostela Aberta realiza á asemblea a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1. Propor que se constitúa unha Mesa da Confluencia -contando, como mínimo, coa representación dos partidos políticos participantes na primeira coalición, incluídas ás tres mareas gobernantes e a actual En Marea- co obxectivo de garantir que todas as partes se corresponsabilicen e participen do espazo político.
2. Tendo en conta o anterior, solicitar que se anticipe a nova elección do Consello das Mareas e se convoque a súa renovación xa no mes de setembro -evitando a coincidencia coa precampaña electoral- como órgano de dirección política e coordinación do espazo político.
3. Mandatar á Coordinadora de Compostela Aberta para impulsar as iniciativas políticas que teñan por obxectivo conseguir os dous puntos anteriores e relanzar a unidade popular.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018